

## BANDO DA ALCALDÍA

D. Juan Manuel Rey Rey, Alcalde do Concello de Caldas de Reis, en cumprimento do establecido no artigo 21.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

### FAI SABER QUE:

O Concello de Caldas de Reis quere comunicar a súa veciñanza que tras ter coñecemento de casos de Coronavirus (COVID-19) na comarca, vaise a proceder a tomar medidas de prevención e loita contra a pandemia que estamos a sufrir.

Medidas adoptadas polo concello:

**- A atención ao público nas dependencias municipais limitarase só a casos de extrema necesidade, chamando con anterioridade para verificar dita necesidade da presenza do veciño ou veciña.**

### Métodos de xestión a distancia:

**Telemática: Poden entrar na sede electrónica municipal, a través da páxina web: [caldasdereis.sedelectronica.gal](https://caldasdereis.sedelectronica.gal). ou Vía telefónica: chamando ao 986 540002/540010**

**- A partir do 13 de marzo todas as actividades municipais, deportivas, culturais e de servizos sociais quedan suspendidas durante os vindeiros 15 días, condicionado á evolución da enfermidade. (As próximas cotas descontaran o tempo de suspensión).**

**- A partir do 13 de marzo suspéndense durante os vindeiros 15 días, condicionado á evolución da enfermidade os usos dos seguintes centros municipais:**

**OFICINA DE TURISMO, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (PAVILLÓN, PISCINA E CAMPOS DE FÚTBOL), AUDITORIO, ESCOLA DE MÚSICA, FOGAR DO MAIOR, BIBLIOTECA, MERCADILLOS E MERCADO.**

**- Recomendase aos Centros de Ensino que eviten aglomeracións durante os vindeiros 15 días, condicionado á evolución da enfermidade. E recomendase aos pais e nais que non leven os nenos á gardería municipal.**

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



- Recoméndase a non celebración de actividades e festas privadas.
- Recomendase ás asociacións e entidades do Concello que eviten aglomeracións durante os vindeiros 15 días, condicionado á evolución da enfermidade.
- Recoméndase non facer viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles, evitando a toda costa a zonas de máxima concentración do virus.
- Recomendase non visitar centros de maiores, hospitais, centros médicos a excepción de casos de extrema necesidade.

O Teléfono para consultas telefónicas do Centro de Saúde de Caldas de Reis:

986 54 01 12

- Recomendase a veciñanza que lave con frecuencia as mans e a cara con auga e xabón, e evite todo contacto físico con outras persoas.
- Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade, e no caso de ter algún síntoma contactar co 061 ou 900 400 116. O concello pide a veciñanza que colabore na loita do virus, e leve a cabo as recomendacións do Ministerio de Saúde, Consellería de Saúde e do Concello de Caldas de Reis, o cal está en constante comunicación e colaboración co Centro de Saúde.

**Os grupos políticos do concello fan un chamamento á responsabilidade persoal dos veciños de Caldas de Reis, mantendo a calma e evitando desprazamentos, na medida do posible.**

O que se fai publico para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Caldas de Reis 12 de marzo de 2020

O Alcalde-presidente,

Juan Manuel Rey Rey

